

Pra que a ESCOLA sexa a CHAVE

STEG Opina

O nome da escola, unha oportunidade educativa

O STEG apoia a iniciativa de cambio de denominación do CEIP Apóstolo Santiago

Non é a primeira vez que o intentan, mais desta volta case o conseguen. Tras un proceso participativo de escoita á comunidade educativa, onde se valoraron distintas propostas, finalmente a denominación “CEIP Almaciga” recolleu a unanimidade de todos os axentes involucrados con representación no Consello Escolar. A Almaciga, nome singular de orixe árabe que fai referencia á planta que medraba no monte onde agora está a escola, concentra numerosos valores pedagóxicos e comunitarios. Nomear a escola como o barrio no que se asenta permite traballar co alumnado a identidade, reforzar a autoestima da comunidade que alí mora, potenciar os lazos e a comunicación interxeracional.

Un proceso como o emprendido este curso pola comunidade educativa do CEIP Apóstolo Santiago é, en si mesmo, altamente positivo a nivel pedagóxico. As crianzas do centro participaron desta reflexión colectiva, cuestionaron os motivos, entenderon as vantaxes dunha denominación única, asentada no territorio, desvinculada de valores cos que non deberíamos identificar a educación pública nun estado que se declara, oficialmente, laico.

A comunidade educativa deste centro demostrou unha madurez e unha capacidade de traballo que, tristemente, chocaron cos intereses partidistas que puxeron fin abruptamente a este fermoso proceso de decisión colectiva. A dereita máis rancia impuxo, coas súas formas habituais, os argumentos da orde e o inmovilismo fronte á vitalidade da veciñanza. É triste ver como o PP compostelán non ten movido un dedo no que levamos de curso para protestar pola falta de profesorado de apoio nos centros do concello, mais mobilizou todo o seu aparello mediático perante o risco de que o centro máis antigo da cidade mudase a súa denominación.

Non é un tema de interese meramente local. O que pasou en Compostela é significativo do que estamos a vivir en toda Galiza, onde as comunidades educativas empezan a unirse para demandar melloras reais nos seus centros. O nome dunha escola está cheo de simboloxía, e non semella que os nomes de santos, papas, ministros franquistas ou apóstolos concentren unha carga pedagóxica moi interesante nun ensino público, laico e favorecedor da diversidade. É ese o que o STEG defende e por iso vai apoiar todas as comunidades educativas combativas e dinámicas que, como a do CEIP Apóstolo Santiago, están a moverse por unha escola pública de calidade para todas e todos.